30.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN VIARIA NA PRAZA DE PONTEVEDRA E CRUCE CO RÚA PORTUGAL (RIBEIRA)

Visto informe/proposta emitido pola Policía Local, de data 16/06/2025, relativo á proposta de nova sinalización na Praza de Pontevedra e cruce con Rúa Portugal (Ribeira), por incidencias na vía pública por estacionamentos indebidos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o informe/proposta presentado, e que se proceda á sinalización viaria horizontal (cebreado), nas zonas propostas no citado informe policial, **excepto na esquina semicircular que deberá pintarse con reserva de espazo de estacionamento para dúas motocicletas.**



31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

VISTO o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), de data 23/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.413), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 28/06/2025, en horario de 16:00 h. a 20:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Verónica Elena Nogueira Carrera, para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 28/06/2025, en horario de 16:00 h. a 20:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar O da Rubia” (Ribeira) (Verónica Elena Nogueira Carrera), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*



- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

32.- DACIÓN DE CONTA DO AUTO Nº 61/2025 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DA CORUÑA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Auto nº 61/2025, de data 04/06/2025, remitido polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 da Coruña, polo que se acorda a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto por David Varela Ramos polo expediente sancionador nº 2401999 do Concello de Ribeira, ao non recaer resolución sancionadora na data na que se interpuxo o recurso contencioso-administrativo (PA 7/2025).



33.- COMUNICACIÓN DE USO DE ESPAZO PARA A VENDA DE SUDADEIRAS – Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por Juan José Segade Iglesias en representación da **Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna**, de data 23/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.385), no que comunica o uso do espazo do Malecón (Ribeira), ao carón de Capitanía Marítima, o día 28/06/2025 de 09:00 h. a 17:00 h., para a venda de sudadeiras dorneiras, coa instalación de 6 mesas pregables, catro carpas e un altafalante.

Así mesmo **se lle informa** que deberá estar en posesión da correspondente autorización de Portos de Galicia, ao ser a entidade titular do dominio do citado espazo.

Déselle traslado á Policía Local para o seu coñecemento.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE FESTA DE FIN DE CURSO EN COUSO – ANPA CEIP de Palmeira

Visto o escrito presentado por Beatriz Pilla do Pardavila en representación de **ANPA CEIP de Palmeira**, de data 20/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.314) no que solicita autorización para a cesión de uso do merendeiro de Couso para realizar una festa de fin de curso (comida e actividades lúdicas), o día 28/06/2025; así mesmo solicita una toma de auga para conectar actividades previstas (festa da espuma, hinchables).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a cesión de uso do merendeiro de Couso para realizar una festa de fin de curso (comida e actividades lúdicas), o día 28/06/2025.
- Comunicar que non se pode prestar a colaboración municipal coa toma de auga para conectar actividades previstas (festa da espuma, hinchables), debido a que non existe toma mesa zona.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

35.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE BINGO SOLIDARIO NO APARCADOIRO MUNICIPAL DE COROSO (RIBEIRA) – Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer

Visto o escrito presentado por María Isabel Gey Pérez en representación da **Asociación Galega para axuda dos enfermos con demencia tipo Alzheimer**, de data 23/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.435), no que solicita autorización para a celebración dun bingo solidario no aparcadoiro municipal de Coroso, o día 05/09/2025, entre as 15:00 h e as 23:00 h., co obxectivo de recadar fondos para a investigación das demencias e enfermidades tipo Alzheimer; así mesmo solicitan a reservas de cadeiras para a súa celebración.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- Autorizar a celebración dun bingo solidario no aparcadoiro municipal de Coroso, o día 05/09/2025, entre as 15:00 h e as 23:00 h., co obxectivo de recadar fondos para a investigación das demencias e enfermidades tipo Alzheimer.
- Prestar a colaboración municipal co préstamo de cadeiras para a súa celebración.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

36.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN VII EDICIÓN DA CONCENTRACIÓN MOTEIRA DE RIBEIRA – Asociación Motoclub Reventapistóns

Visto o escrito presentado por Iván Oliveira Abelleira en representación de **Motoclub Reventapistóns**, de data 23/06/2023 (Rexistro de entrada nº 15.361), no que solicita autorización para:

- A celebración da VII Edición da Concentración Moteira de Ribeira organizada pola Asociación Motoclub “Reventapistóns”, os días 19, 20 e 21/09/2025.
- Ocupación temporal do aparcamento municipal de Coroso.
- Ocupación temporal da recta fronte á Escola Náutico Pesqueira.
- Ocupación temporal do aparcamento de caravanas situado detrás do instituto.
- Colaboración municipal con servizo de limpeza, 10 contedores RSU, 160 m. de valado, as chaves dos baños públicos de Coroso.
- Ocupación temporal do aparcamento situado detrás da gasoliñeira.
- O remate do espectáculo musical ata as 06:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar**:

- A celebración da VII Edición da Concentración Moteira de Ribeira organizada pola Asociación Motoclub “Reventapistóns”, os días 19, 20 e 21/09/2025.
- A ocupación temporal do aparcamento municipal de Coroso.
- A ocupación temporal da recta fronte á Escola Náutico Pesqueira.
- A ocupación temporal do aparcamento de caravanas situado detrás do instituto.
- A colaboración municipal con 10 contedores RSU e as chaves dos baños públicos de Coroso. **160 m. de valado (non dispoñible) e o servizo de limpeza deberá ser pola súa conta.**
- A ocupación temporal do aparcamento situado detrás da gasoliñeira.
- **O remate do espectáculo musical ata as 04:30 h.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

37.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN FESTAS DO SANTÍSIMO DE PALMEIRA

Vista a proposta conxunta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, e da Concelleira Delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal, Antía Alberte Maneiro, de data 24/06/2025, relativa á autorización para a celebración das Festas do Santísimo de Palmeira, e na que expoñen:

“Con data 9 de xuño de 2025, tivo entrada no Rexistro electrónico municipal (entrada sede electrónica 2025-13815) unha solicitude presentada por María del Carmen Vizcaya Sampedro, en representación



da Asociación Santísimo Sacramento Parroquia San Pedro Palmeira, para celebrar o Santísimo Sacramento de Palmeira o día 6 de xullo de 2025.

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

1. Autorización municipal para realizar a programación que expón.
2. Sinalizar as rúas polas que discurren as alfombras florais e polas que a procesión fará o percorrido para que non circule o tráfico rodado: Adro da Igrexa, Rúa da Cambra, Rúa da Canle, Porto, Cruceiro de Cruces, Espiño, rúa do Vilar, regreso por rúa da Cambra para ao adro da Igrexa. Ademais na rúa Doctor Torres, rúa da Canle, Porto e rúa Espiño se colocarán "Altars"
3. Apoio da Policía Local e Protección Civil que garante o desenvolvemento desta actividade.
4. Servizo de limpeza das rúas polas que discurre a procesión.
5. A participación da Coral Polifónica Municipal de Ribeira para cantar a misa solemne das 19.00 horas.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Programación de actos e horarios.

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha póliza de responsabilidade civil en vigor, cos capitais mínimos establecidos polo Decreto 226/2022, do 22 de decembro.
- Presentar o xustificante de pagamento da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un proxecto técnico asinado por persoa competente, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a responsabilidade técnica da execución, mediante documento asinado.
- Presentar unha certificación final de adecuación emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - Certificado técnico de montaxe.
 - Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.
 - Taxas de ocupación de vía pública, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar boletíns eléctricos das instalacións temporais segundo a Instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar xerador, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre prevención de incendios forestais.
- Asumir a responsabilidade polos danos ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor



- Xestionar e abonar á SGAE ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

Colaboración municipal prevista

Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- Autorizar a celebración do “Santísimo Sacramento” según programa exposto ó vindeiro 6 de xullo de 2025 na parroquia de Palmeira.
- Prestar apoio operativo da Policía Local na ordenación e seguridade do tráfico.
- Servizo de limpeza polas rúas polas que transcurren as alfombras florais unha vez rematado a celebración dos actos.
- Autorizar a actuación da Coral Polifónica Municipal de Ribeira ó 6 de xullo ás 19 horas e establecer a gratuidade desta actuación e polo tanto a exención no pago do correspondente prezo público conforme a Ordenanza C-2 reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro, actuación no termo municipal de Ribeira e inscrita no Rexistro Municipal na data 23/5/2012.

Lembranza final

O titular é responsable do cumprimento íntegro da normativa aplicable, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración do *Santísimo Sacramento* na parroquia de Palmeira ó vindeiro 6 de xullo de 2025 conforme o detalle da programación exposto.
- Prestar **apoyo operativo** da Policía Local na ordenación e seguridade do tráfico.
- **Servizo de limpeza** polas rúas polas que transcurren as alfombras florais unha vez rematado a celebración dos actos.
- **Autorizar a actuación** da Coral Polifónica Municipal de Ribeira o 6 de xullo ás 19 horas e **establecer a súa gratuidade** conforme o artigo 3 da Ordenanza C-2 reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.

38.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN FESTAS DE SANTA TECLA DE CORRUBEDO

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 24/06/2025, relativa á autorización para a celebración das Festas de Santa Tecla de Corrubedo, e na que expón:

“Con data 20 de maio de 2025, tivo entrada no Rexistro electrónico municipal (entrada sede electrónica 2025-11594) unha solicitude presentada por Ana Muñiz Brión, en representación da Asociación Cultural e Deportiva A Farola, na que se interesa a autorización para a celebración das Festas de Santa Tecla na parroquia de Corrubedo, os días 20 e 23 de setembro de 2025, na Zona Portuaria desta parroquia.

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

1. Autorización para a celebración das festas nos días indicados.
2. Limpeza os días 20 e 21 (pola mañá) e 23 e 24 de setembro.
3. Presenza da Policía Local ambos días de festa e en particular o martes 23 ás 18.30 horas por mor da procesión.



4. Subministración de sinais (prohibido aparcarse a partir do 1º semáforo, pola entrada dos escenarios e no porto).

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Programación de actividades "Festa de Santa Tecla. Sábado 20 e Martes 23 setembro.
- Anexo I, II e plano de ocupación de zona portuaria.

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha póliza de responsabilidade civil en vigor, cos capitais mínimos establecidos polo Decreto 226/2022, do 22 de decembro.
- Presentar o xustificante de pagamento da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un proxecto técnico asinado por persoa competente, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a responsabilidade técnica da execución, mediante documento asinado.
- Presentar unha certificación final de adecuación emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - Certificado técnico de montaxe.
 - Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.
 - Taxas de ocupación de vía pública, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar boletíns eléctricos das instalacións temporais segundo a Instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar xerador, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre prevención de incendios forestais.
- Asumir a responsabilidade polos danos ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar á SGAE ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

7. Outras autorizacións

- Obter calquera autorización adicional doutras administracións públicas ou entidades privadas, se fose necesaria (ocupación de ocupación de espazo de dominio público portuario entre outros).

Colaboración municipal prevista

- Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:
- Autorizar a celebración das Festas de Santa Tecla os días 20 e 23 de setembro de 2025 na parroquia de Corrubedo.
- Establecer un horario límite de actividade ata as 5:00 h nas madrugadas do venres ao sábado e do sábado ao domingo.
- Prestar apoio loxístico e operativo, incluíndo:
 - Reforzo de servizo de limpeza os días de festa.
 - Sinais de tráfico e valado temporal.

Lembranza final



A entidade organizadora é responsable do cumprimento íntegro da normativa aplicable, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración das Festas de Santa Tecla de Corrubedo, os días **20 e 23 de setembro de 2025**.
- Establecer como **horario límite** das actividades as **5:00 h** da madrugada.
- Prestar colaboración municipal en servizos de limpeza, sinais e valado, segundo dispoñibilidade.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.

39.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DE “GRAN PAELLADA” NA PRAZA DE TERUEL (RIBEIRA)

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 24/06/2025, relativa á autorización para a celebración da “Gran Paellada” na Praza de Teruel, e na que expón:

“Con data 30 de maio de 2025, tivo entrada no Rexistro electrónico municipal (entrada sede electrónica 2025-12582) unha solicitude presentada por José Ramón Oujo Martínez, para organizar unha “Gran Paellada” amenizada en modo sesión vermut na Praza de Teruel o día 28 de xuño de 2025 entre as 12 e 17 horas.

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

1. *Peche ao acceso da rúa Manzanares desde Romero Ortíz desde as 12h ás 17h desviando o tráfico pola rúa Cervantes.*
2. *Autorización para ocupación parte da rúa Manzanaeres, altura Praza Teruel (para colocar un palco).*
3. *Disposición de 6 plataformas do concello, para montar un palco para as actuacións.*
4. *Acometida monofásica para conexión dos equipos de música.*

Consta no expediente a seguinte documentación:

- *Informe Policía Local de Ribeira asinado polo Inspector-Xefe , José M. Bretal Laranga na data 03/6/2025.*

Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

Obrigas da entidade organizadora

1. *Seguros obrigatorios*
 - *Dispor dunha póliza de responsabilidade civil en vigor, cos capitais mínimos establecidos polo Decreto 226/2022, do 22 de decembro.*
 - *Presentar o xustificante de pagamento da póliza correspondente ao período da actividade.*
2. *Proxecto técnico e responsabilidade*
 - *Presentar un proxecto técnico asinado por persoa competente, que inclúa:*
 - *Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)*
 - *Aforos e horarios.*



- Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
 - Acreditar quen asumirá a responsabilidade técnica da execución, mediante documento asinado.
 - Presentar unha certificación final de adecuación emitida por esta persoa responsable.
3. Instalacións e atraccións
- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - Certificado técnico de montaxe.
 - Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.
 - Taxas de ocupación de vía pública, se corresponde.
4. Electricidade e xeradores
- Presentar boletíns eléctricos das instalacións temporais segundo a Instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
 - En caso de usar xerador, achegar certificado de inspección industrial.
5. Actividades con lume ou risco de incendio
- Solicitar autorización para fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume, se se prevé o seu uso.
 - Cumprir coa normativa sobre prevención de incendios forestais.
 - Asumir a responsabilidade polos danos ou incendios que se poidan producir.
6. Dereitos de autor
- Xestionar e abonar á SGAE ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.
8. Outras autorizacións
- Obter calquera autorización adicional doutras administracións públicas ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal prevista

Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- Autorizar a celebración dunha “Gran Paellada amenizada en modo sesión vermut” na Praza de Teruel ó 28 de xuño de 2025 entre ás 12 e 17 horas.
- Facilitar a disposición de plataformas e acometida monofásica destinadas as actuacións musicais.
- Prestar apoio operativo da Policía Local na ordenación e seguridade do tráfico.

Lembranza final

O titular é responsable do cumprimento íntegro da normativa aplicable, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumplimento.

O titular ten a obriga de deixar a praza na que celebra este evento nas mesmas condicións de conservación e limpeza que tiña antes da súa ocupación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha *Gran Paellada amenizada en modo sesión vermut* na Praza de Teruel-Ribeira o 28 de xuño de 2025 entre as 12 e 17 horas.
- **Facilitar a disposición de plataformas e acometida monofásica** destinadas as actuacións musicais.
- Prestar **apoyo operativo** da Policía Local na ordenación e seguridade do tráfico.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.



- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.

40.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Tania Redondo Fernández (BALDOMERO)

VISTO o escrito presentado por **Tania Redondo Fernández** en representación establecemento “Bar Baldomero” (Palmeira), de data 24/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.477), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Baldomero” (Palmeira), os días 27 e 28/06/2025, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Tania Redondo Fernández**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Baldomero” (Palmeira), os días 27 e 28/06/2025, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Baldomero” (Palmeira) (**Tania Redondo Fernández**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou*



vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”

- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

41.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Sheila Gómez Costa

Visto o escrito presentado por **Sheila Gómez Costa**, de data 24/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.527), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (“Olla”), durante a celebración da Festa da Dorna (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Non autorizar** a instalación dunha atracción de feira (“Caseta Penalti”), no mes de xullo de 2025 (7 días), na zona do Malecón, co motivo da celebración das



Festas da Dorna, debido a que esa zona é espazo de dominio de Portos de Galicia.

- **Deberá poñerse en contacto coa organización da Festa da Dorna para a súa autorización debido a que xa teñen autorización de Portos de Galicia para a ocupación temporal do espazo do Malecón (Ribeira).**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

42.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Sidi Randan El Id (CAMBADESA)

VISTO o escrito presentado por **Sidi Randan El Id** en representación establecemento “Bar A Cambadesa” (Ribeira), de data 25/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.598), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar A Cambadesa” (Ribeira), o día 28/06/2025, en horario de 13:00 h. a 16:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Sidi Randan El Id, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar A Cambadesa” (Ribeira), o día 28/06/2025, en horario de 13:00 h. a 16:00 h., **debendo respectar a normativa vixente no relativo á emisión de ruídos.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar A Cambadesa” (Ribeira) (**Sidi Randan El Id**), **deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respectar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respectar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos*



establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos
procedementos do anexo IV. (...)”

- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



43.- SOLICITUDE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA CELEBRACIÓN DO FESTIVAL FESTIPOPS 2025 – PoPS Ribeira, S.C.

Visto o escrito presentado por Rafael Figueroa Rial en representación de **PoPS Ribeira, S.C.**, de data 25/06/2025 (Rexistro de entrada nº 15.640), no que solicita a ocupación de vía pública (Rúa Mendiño – Ribeira), o día 27/06/2025, durante toda a xornada, co motivo da celebración do Festival FestiPoPS 2025, coa instalación de estruturas temporais (escenario, equipos de son, etc...).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación de vía pública (Rúa Mendiño – Ribeira), o día 27/06/2025, durante toda a xornada, co motivo da celebración do Festival FestiPoPS 2025, coa instalación de estruturas temporais (escenario, equipos de son, etc...).
- Deberán estar en posesión do correspondente seguro de responsabilidade civil actualizado, así como da documentación relativa a todas as instalacións/estructuras.
- Deberán gardar todas as medidas de seguridade para todos os participantes no evento.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:40 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

